



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 31 de agosto do 2023, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello de Oleiros.

Asistentes

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D^a Ana María Vázquez Fernández, Técnica de Contratación
 - D. Marcos Veiga Rodríguez, Secretario Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor do Concello.
- **Secretario da Mesa:** D. Iago A. López Álvarez, auxiliar administrativo da Área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
 - D. Diego García Mella, programador cultura do Concello, para a licitación nº 2023/CONTRAT/000098
 - D. Jose Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico do Concello, para a licitación nº 2023/CONTRAT/000093

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:

Orde do Día

- 1.- 2023/CONTRAT/000069: ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE PARQUES E XARDÍNS





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Acto ⁽¹⁾ de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

⁽¹⁾ A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.

2.- 2023/CONTRAT/000087: SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO LABORAL E EPIS CON DESTINO AOS SERVICIOS MUNICIPAIS

Acto público de:

- Dítame sobre da oferta incursa na situación de anormalmente baixa
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

3.- 2023/CONTRAT/000093: PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DA URBANIZACIÓN O PINAR

Acto público de:

- Valoración dos sobres "B" (referencias técnicas).
- Apertura, se procede, dos sobres "C" (oferta económica e referencias avaliadas automaticamente).
- Valoración, se procede, dos sobres "C".
- Proposta de adxudicación, se procede.

4.- 2023/CONTRAT/000098: SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ

Acto público de:

- Dítame sobre das ofertas incursas na situación de anormalmente baixas
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

1.- 2023/CONTRAT/000069: ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE PARQUES E XARDÍNS

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 202304121, de 14 de agosto, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración denominada "ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE PARQUES E XARDÍNS".

O importe de licitación é de 14.500,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (3.045,00 €), o que supón un importe de 17.545,00 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 14 de agosto do 2023.

Rematado o día 29 de agosto do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nombre de la Empresa	Nº Identificación	Fecha y hora de presentación de oferta
ALFESTAL SL	B85847168	29-08-2023 21:30
ARTIC INFRASTRUCTURES MANAGEMENT, S.L.	B87291233	28-08-2023 23:51
BOSCO INGENIERIA S.L.	B67811364	28-08-2023 09:35
E-ADJUDICA S.L.	B72375025	19-08-2023 19:03
EGUESAN ENERGY, SL	B76019777	29-08-2023 16:26
Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L.	B85097962	28-08-2023 14:34
In-Cubed Ingeniería, Innovación, Investigación S.L.L.	B70447693	25-08-2023 12:10
INGENIERIA SANPE SL	B34267252	29-08-2023 17:40
INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS S.L.	B87629200	29-08-2023 14:50
Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (iPRENOR)	B15856339	29-08-2023 17:26
ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	B70248869	25-08-2023 13:34
PW Advisory & Capital Services, S.L.	B86834256	29-08-2023 10:48
REY CAMPOS INGENIEROS S.L.	B72688997	29-08-2023 14:54
SGS Tecnos, SA	A28345577	25-08-2023 15:56
SOLUCIONES TECNICAS DE OCIO, S.L.	B70540554	29-08-2023 10:34
ZENIT INGENIERIA Y CONSULTORIA S.L.P.	B34278127	24-08-2023 19:52





De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa procede a comprobar a documentación presentado por todas as empresas resultando o seguinte:

- BOSCO INGENIERIA S.L.: Indica no documento DEUC presentado un nº de inscrición nun rexistro de licitadores, pero non indica a cal se refire. Comprobado de oficio non consta a súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público ou no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia. De conformidade coa cláusula 2.2.4.c) do PCAP, e, en cumprimento do establecido no artigo 159.4.a) LCSP, os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través do procedemento simplificado, deberán estar inscritos nun dos rexistros anteriores. A inscrición deberá de ter como límite a data final de presentación de ofertas.
- REY CAMPOS INGENIEROS S.L.: Non consta a súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público ou no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia. De conformidade coa cláusula 2.2.4.c) do PCAP, e, en cumprimento do establecido no artigo 159.4.a) LCSP, os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través do procedemento simplificado, deberán estar inscritos nun dos rexistros anteriores. A inscrición deberá de ter como límite a data final de presentación de ofertas.
- A documentación do resto de licitadores considerase correcta.

En consecuencia; a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Concederlle un prazo de TRES DÍAS HÁBILES as empresas BOSCO INGENIERIA S.L. (B67811364) e REY CAMPOS INGENIEROS S.L. (B72688997) para que emenden os defectos atopados na documentación administrativa presentada

SEGUNDO.- Admitir o resto de empresas presentadas a esta licitación.





2.- 2023/CONTRAT/000087: SUBMINISTRO DE VESTIARIO LABORAL E EPI'S CON DESTINO AOS SERVIZOS MUNICIPAIS

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 202300596, de 12 de xullo, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración denominada "SUBMINISTRO DE VESTIARIO LABORAL E EPI'S CON DESTINO AOS SERVIZOS MUNICIPAIS".

O importe de licitación é de 50.000,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (10.500,00 €) o que supón un importe de 60.500,00 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 13 de xullo do 2023.

Rematado o día 28 de xullo do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

LICITADOR	FECHA PRESENTACIÓN
NIF: 32759474E Razón Social: CARLOS ARIAS DOVAL	26-07-2023 09:56
NIF: B27193762 Razón Social: CONSTRUDECO NORTE SL	27-07-2023 10:58
NIF: B15139504 Razón Social: MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.	24-07-2023 17:07 (*) (pegada electrónica)
NIF: B15139504 Razón Social: MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.	26-07-2023 17:26
NIF: B36112043 Razón Social: PEYCAR PONTEVEDRA,S.L.	27-07-2023 19:11

(*) O artigo 139.3 LCSP establece que cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, determinando a non admisión de todas as propostas por el subscritas no caso de facelo. Agora ben, a Plataforma de Contratación permite a exclusión da primeira oferta presentada no caso de existir máis de unha que se correspondan co mesmo licitador, para permitir aos licitadores a corrección da oferta dentro do prazo de licitación establecido.

É por isto que, buscando favorecer o principio de libre concorrência e dada a normativa vixente e á vista das ofertas presentadas, a Mesa propuxo non ter en conta a oferta presentada por MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L. (B15139504) o día 24-07-2023 as 17:07, en estado de "pegada electrónica", tendo en consideración a presentada o 26 de xullo do 2023 ás 17:26, debido a duplicidade.

A Mesa reunida o día 3 de agosto do 2023 procedeu á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado polas empresas licitadoras denominado "Documentación administrativa e proposición".

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa comprobou que o licitador Carlos Arias Doval non figura inscrito no ROLECE ou no Rexistro de Contratistas da Xunta.





O art. 159.4.a) da LCSP establece para os procedementos abertos simplificados, como é o caso, a obriga de que os licitadores que se presenten deberán estar inscritos no ROLECE ou no Rexistro Oficial de Contratistas da correspondente Comunidade Autónoma na data final de presentación de ofertas.

En consecuencia; a Mesa de Contratación, acordou excluir desta licitación a “CARLOS ARIAS DOVAL” (32759474E) por non figurar inscrito no ROLECE ou no Rexistro Oficial de Contratistas da correspondente Comunidade Autónoma na data final de presentación de ofertas, e por tratarse este dun erro non subsanable de conformidade coa lexislación vixente.

A Mesa considerou correcta a documentación presentada polas restantes empresas presentadas, admitíndoas a esta licitación.

Xa que logo, a continuación, a Mesa procedeu, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas para as ofertas admitidas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, comprobando que a oferta presentada por CONSTRUDECO NORTE SL. estaría en situación de oferta anormalmente baixa.

O resumo das ofertas achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		CONSTRUDECO NORTE SL	MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.	PEYCAR PONTEVEDRA,S.L.
Oferta económica	Importe sen IVE	29.835,56 €	39.148,00 €	44.889,00 €
	Puntos			
Redución prazo entrega	Prazo	3 días	3 días	3 días
	Puntos			

E a Mesa de Contratación, á vista da oferta anormalmente baixa presentada por CONSTRUDECO NORTE SL, acordou concederlle a esta empresa un prazo de cinco días hábiles para que xustificase a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

Dentro do prazo concedido, “CONSTRUDECO NORTE SL” presenta a documentación que considera oportuna para xustificar a súa oferta económica, a cal é remitida aos servizos técnicos para que a examinen e emitan informe ao respecto.

O día 30 de agosto do 2023, o técnico municipal emite informe valorando a documentación xustificativa presentada pola empresa.

Xa que logo, procedería dar conta á Mesa de Contratación do informe emitido ao respecto e, se é o caso, realizar o acto de valoración das ofertas admitidas presentadas ao sobre nº 3.





Así, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, procédese a dar conta do informe técnico emitido ao respecto. Neste informe -que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, o técnico considera xustificada a oferta económica presentada polo licitador; e conclúe:

“.../...”

Deste xeito, aínda e cando a xustificación non é prolixa, si aporta documentos que sustentan a súa afirmación de condicións de compra beneficiosas (cartas de compromiso) e a proximidade das súas instalacións sustentan un eventual aforro de custos xunto ca súa estrutura empresarial.

Tamén sinalan (aínda que non xustifican documentalmente) que están a prestar un contrato análogo no Concello de Viveiro sin prexuízo para ningunha das partes

Así as cousas, aínda e cando a xustificación semella escasa e pouco documentada, vitos os compromisos de compra e a proximidade das súas instalacións PROPONSE:

Se teña por xustificada a oferta anormalmente baixa presentada por pola empresa Construdeco Norte S.L con NIF, B27193762.

.../...”

En consecuencia, tendo en conta o informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a esta licitación á empresa CONSTRUDECO NORTE SL por considerar xustificada a oferta anormalmente alta presentada.

A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas no sobre nº 3, resultando:

CRITERIO		CONSTRUDECO NORTE SL	MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.	PEYCAR PONTEVEDRA,S.L.
Oferta económica	Importe sen IVE	29.835,56 €	39.148,00 €	44.889,00 €
	Puntos	90,00	70,14	42,92
Redución prazo entrega	Prazo	3 días	3 días	3 días
	Puntos	5	5	5
Puntuación TOTAL		95,00	75,14	47,92

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Puntuación sobre único
1	CONSTRUDECO NORTE SL	B27193762	95,00
2	MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.	B15139504	75,14
3	PEYCAR PONTEVEDRA,S.L.	B36112043	47,92





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato denominado “SUBMINISTRO DE VESTIARIO LABORAL E EPI'S CON DESTINO AOS SERVIZOS MUNICIPAIS” á empresa “CONSTRUDECO NORTE SL” (B27193762) por un importe, sen IVE, de 29.835,56 € ; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





3.- 2023/CONTRAT/000093: “PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DA URBANIZACIÓN O PINAR (POS+ 2023)”

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2023003662, de 14 de xullo, aprobouse o expediente para a contratación, por medio de procedemento aberto, da obra denominada “PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DA URBANIZACIÓN O PINAR (POS+ 2023)”, polo importe de 249.010,25 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (52.292,15 €), o que supón un importe de 301.302,40 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de TRES (3) meses, sen posibilidade de prórroga agás causas imprevistas, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 273.911,28 €..

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 14 de xullo do 2023.

Rematado o día 9 de agosto do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	09-08-2023 16:59
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	B15410608	09-08-2023 22:30
HORDESCON, S.L.	B32108334	09-08-2023 12:43

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 10 de agosto do 2023, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico “A” presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura dos arquivos ou sobres electrónicos “B”, os cales foron remitidos a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos na fase I do anexo IV do PCAP

O día 23 de agosto do 2023, D^a Isabel M^a Freire Ramos, enxeñeira municipal, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres “C” denominados “Oferta económica e referencias valorables automaticamente”

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres “B” e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres “C”.





Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

EMPRESAS	CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS			PUNTUACIÓN TOTAL SOBRES "B"
	PROGRAMA DE TRABAJO	PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL	ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE	
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	18,50	9,50	5,20	33,20
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	20,00	9,75	5,00	34,75
HORDESCON, S.L.	10,00	6,50	4,90	21,40

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre "C" das empresas admitidas, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego-tipo de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, aplicando o disposto na cláusula 15.4 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, indican que as tres ofertas presentadas estarían en situación de oferta anormalmente baixa.

"15.4.2.- Consideraranse, en principio, como anormalmente baixas as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 3. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 2% desta media. En todo caso, exclúirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. **En calquera caso, consideraranse ofertas anormalmente baixas todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 2%."**

O resumo das ofertas achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	HORDESCON, S.L.
Oferta económica	Importe	234.070,00 €	234.563,64 €	241.166,43 €
	Puntos	/ 35,20	/ 35,20	/ 35,20
% persoal fixo en relación co persoal global da empresa	%	86,59 %	93,75 %	94,44 %
	Puntos	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3				





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

E a Mesa de Contratación, á vista das ofertas anormalmente baixas das tres empresas, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que se lle conceda a “Construcciones López Cao, S.L.”, “Explotaciones Gallegas, S.L.” e “Hordescon, S.L.” un prazo de cinco días hábiles para que xustifiquen as oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP e cláusula 15.4.4 do prego-tipo de cláusulas administrativas.





4.- 2023/CONTRAT/000098: SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2023003826, de 24 de xullo, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación do "SUMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ", polo importe de 38.857,46 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (8.160,07 €), o que supón un importe de 47.017,53 € IVE engadido, que se desagrega nos seguintes lotes:

	Orzamento sen IVE	IVE (21 %)	Total
LOTE 1 Proxector dixital láser	20.968,78 €	4.403,44 €	25.372,22 €
LOTE 2 28 focos LED	17.888,68 €	3.756,62 €	21.645,30 €
TOTAL	38.857,46 €	8.160,07 €	47.017,53 €

O prazo de execución do referido contrato, para cada lote, é de dúas semanas, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a LOTE 1. 20.968,78 €; LOTE 2. 17.888,68 €; TOTAL 38.857,46 €.

Esta subministración será financiada a través dunha subvención da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) para a modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 24 de xullo do 2023.

Rematado o día 8 de agosto do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da Empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación da oferta	Lote ao que se presenta
CEGA Audiovisuales S.L.	B15843394	04/08/2023 17:00	1 e 2
CITYLIGHT, S.L.	B82789389	07/08/2023 14:26	2
GALLALUX INNOVACIONES SL	B70536206	08/08/2023 19:09	1 e 2
GENUIX AUDIO S.L.	B92991496	07/08/2023 19:13	1 e 2
GM PROVIDEO S.L.	B15461023	08/08/2023 11:09	1 e 2
PETSPA PROYECTOS AUDIOVISUALES SLU	B85948909	27/07/2023 19:24	2
SPAI TEATRO Y TELEVISION SL	B81167447	07/08/2023 11:38	2
TECESA ACÚSTICA VISUAL S.L.	B74427048	07/08/2023 9:19	1 e 2
TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL	B88122643	04/08/2023 11:08	1





A Mesa reunida o día 10 de agosto do 2023 procedeu á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, a Mesa comproba que a licitadora GALLALUX INNOVACIONES S.L., presentada ao Lote 1 e Lote 2 desta licitación, non figura inscrita no ROLECE ou no Rexistro de Contratistas da Xunta, nin presenta documento xustificativo de ter solicitada a inscrición con data previa ao remate do prazo de presentación de ofertas.

O art. 159.4.a) da LCSP establece para os procedementos abertos simplificados, como é o caso, a obriga de que os licitadores que se presenten deberán estar inscritos no ROLECE ou no Rexistro Oficial de Contratistas da correspondente Comunidade Autónoma na data final de presentación de ofertas.

En consecuencia; a Mesa de Contratación, propuxo a exclusión do Lote 1 e Lote 2 desta licitación a “GALLALUX INNOVACIONES S.L.” (B70536206) por non figurar inscrita no ROLECE ou no Rexistro Oficial de Contratistas da correspondente Comunidade Autónoma na data final de presentación de ofertas, e por tratarse este dun erro non subsanable de conformidade coa lexislación vixente.

A Mesa considerou correcta a documentación presentada polas restantes empresas presentadas, admitíndoas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procedeu á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

LOTE 1: PROXECTOR DIXITAL LÁSER DE ALTA RESOLUCIÓN WUXGA DE ENTRE 10.000 E 16.000 LÚMENS E TECNOLOXÍA 4K

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, comprobando que a oferta presentada por TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS S.L. estaría en situación de oferta anormalmente baixa.

O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		CEGA Audiovisuales S.L.	GENUIX AUDIO S.L.	GM PROVIDEO S.L.	TECESA ACÚSTICA VISUAL S.L.	TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL
Oferta económica	Importe sen IVE	18.050,00 €	19.684,80 €	17.752,78 €	19.990,00 €	14.165,90 €
	Puntos					

E a Mesa de Contratación, á vista da oferta anormalmente baixa presentada por TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL, acordou concederlle a licitadora TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL (B88122643) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

Dentro do prazo concedido, “TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL” presenta a documentación que considera oportuna para xustificar a súa oferta económica, a cal é remitida aos servizos técnicos para





que a examinen e emitan informe ao respecto.

O día 24 de agosto do 2023, o técnico municipal emite informe valorando a documentación xustificativa presentada pola empresa.

Xa que logo, procedería dar conta á Mesa de Contratación do informe emitido ao respecto e, se é o caso, realizar o acto de valoración das ofertas admitidas.

Así, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, procédese a dar conta do informe técnico emitido ao respecto. Neste informe -que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, o técnico considera xustificada a oferta económica presentada polo licitador; e conclúe:

“.../...”

En relación á documentación presentada por TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS, S.L. sobre o lote 1- Proxector dixital láser, a empresa xustifica a súa oferta sinalando que o coste unitario do produto responde a que son empresa integradora e que sobre o prezo facilitado polo fabricante aplican un marxe de beneficio do 1,99 %. Como documento aportan o orzamento facilitado pola empresa fabricante EPSON.

É polo anterior polo que se PROPÓN:

Se acepte a xustificación aportada por TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS, S.L., con C.I.F.: B88122643, en relación ao expediente 2023/CONTRAT/000098: SUMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ- LOTE 1 (PROXECTOR DIXITAL LÁSER) por quedar xustificada a oferta presentada.

.../...”

En consecuencia, tendo en conta o informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir ao Lote 1 desta licitación á oferta presentada por TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS, S.L., por considerar xustificada a oferta anormalmente alta presentada.

A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas no sobre único resultando:

CRITERIO		CEGA Audiovisuales S.L.	GENUIX AUDIO S.L.	GM PROVIDEO S.L.	TECESA ACÚSTICA VISUAL S.L.	TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL
Oferta económica	Importe sen IVE	18.050,00 €	19.684,80 €	17.752,78 €	19.990,00 €	14.165,90 €
	Puntos	64,96	28,56	70,58	21,79	100
PUNTUACIÓN TOTAL		64,96	28,56	70,58	21,79	100

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:





POSIC.	EMPRESA	NIF	Puntuación sobre único
1	TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL	B88122643	100
2	GM PROVIDEO S.L.	B15461023	70,58
3	CEGA AUDIOVISUALES S.L.	B15843394	64,96
4	GENUIX AUDIO S.L.	B92991496	28,56
5	TECESA ACÚSTICA VISUAL S.L.	B74427048	21,79

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do **LOTE 1: PROXECTOR DIXITAL LÁSER DE ALTA RESOLUCIÓN WUXGA DE ENTRE 10.000 E 16.000 LÚMENS E TECNOLOXÍA 4K** do contrato denominado “SUBMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ” á empresa “TRANSFORMACIÓN DIGITAL DE ESPACIOS SL” (B88122643) por un importe, sen IVE, de 14.165,90 €; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

LOTE 2: 28 FOCOS LED DE GRAN POTENCIA LUMÍNICA E AMPLO ÁNGULO DE DISPERSIÓN, AXUSTE VARIABLE E CONTROL MEDIANTE DMX

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, comprobando que a oferta presentada por CEGA AUDIOVISUALES S.L. estaría en situación de oferta anormalmente baixa.

O resumo das ofertas achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		CEGA Audiovisuales S.L.	CITYLIGHT, S.L.	GENUIX AUDIO S.L.	GM PROVIDEO S.L.	PETSPA PROYECTOS AUDIOVISUALES SLU	SPAI TEATRO Y TELEVISION SL	TECESA ACÚSTICA VISUAL S.L.
Oferta económica	Importe sen IVE	14.958,00 €	16.690,00 €	15.725,70 €	16.188,00 €	15.455,00 €	16.230,00 €	16.990,00 €
	Puntos							

E a Mesa de Contratación, á vista da oferta anormalmente baixa presentada por CEGA AUDIOVISUALES S.L., acordou concederlle a licitadora CEGA AUDIOVISUALES S.L. (B15843394) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.





Dentro do prazo concedido, “CEGA Audiovisuales S.L.” presenta a documentación que considera oportuna para xustificar a súa oferta económica, a cal é remitida aos servizos técnicos para que a examinen e emitan informe ao respecto.

O día 24 de agosto do 2023, o técnico municipal emite informe valorando a documentación xustificativa presentada pola empresa.

Xa que logo, procedería dar conta á Mesa de Contratación do informe emitido ao respecto e, se é o caso, realizar o acto de valoración das ofertas admitidas.

Así, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, procédese a dar conta do informe técnico emitido ao respecto. Neste informe -que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, o técnico considera non xustificada a oferta económica presentada polo licitador; e conclúe:

“.../...”

En relación á documentación presentada por CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES, S.L. sobre o lote 2-28 focos led, a empresa xustifica a baixa temeraria presentada facendo referencia ao lote 1 (proxector dixital láser) e non ao lote 2, para a que foi realmente requerida..

É polo anterior polo que se PROPÓN:

Non se acepte a xustificación aportada por ENRIQUE FERNÁNDEZ SILVA, con D.N.I.: 34887530, en representación da empresa CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES, S.L., en relación ao expediente 2023/CONTRAT/000098: SUMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ- LOTE 2 (28 FOCOS LED) por non corresponder ao lote para o que se lle requería a explicación.

.../...”

En consecuencia, tendo en conta o informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Propor ao órgano de contratación a exclusión do Lote 2 desta licitación á oferta presentada por CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES, S.L., por non considerar xustificada a oferta anormalmente alta presentada.

A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas no sobre único resultando:

CRITERIO		CITYLIGHT, S.L.	GENUIX AUDIO S.L.	GM PROVIDEO S.L.	PETSPA PROYECTOS AUDIOVISUALES SLU	SPAI TEATRO Y TELEVISION SL	TECESA ACÚSTICA VISUAL S.L.
Oferta económica	Importe sen IVE	16.690,00 €	15.725,70 €	16.188,00 €	15.455,00 €	16.230,00 €	16.990,00 €
	Puntos	31,27	56,42	44,38	63,47	43,26	23,43
PUNTUACIÓN TOTAL		31,27	56,42	44,38	63,47	43,26	23,43





Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Puntuación sobre único
1	PETSPA PROYECTOS AUDIOVISUALES SLU	B85948909	63,47
2	GENUIX AUDIO S.L.	B92991496	56,42
3	GM PROVIDEO S.L.	B15461023	44,38
4	SPAI TEATRO Y TELEVISION SL	B81167447	43,26
5	CITYLIGHT, S.L.	B82789389	31,27
6	TECESA ACÚSTICA VISUAL S.L.	B74427048	23,43

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do **LOTE 2: 28 FOCOS LED DE GRAN POTENCIA LUMÍNICA E AMPLO ÁNGULO DE DISPERSIÓN, AXUSTE VARIABLE E CONTROL MEDIANTE DMX** do contrato denominado “SUBMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ” á empresa “PETSPA PROYECTOS AUDIOVISUALES SLU” (B85948909) por un importe, sen IVE, de 15.455,00 €; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e prace da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don Iago A. López Álvarez, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación

